- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
9	O léxico románico	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	50%	PE	50
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	50%		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	50%		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	50%		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	50%		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	50%		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	50%		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	50%		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	50%		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	50%	TI	50
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	50%		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	50%		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	50%		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	50%		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	50%		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.

Contidos

- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.
- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía refírese á actuación e á toma de decisións por parte dos docentes para amosar ao alumnado o camiño cara á adquisición das competencias e a promoción da súa aprendizaxe. Estes saberes competenciais están formulados para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Polo tanto, isto suporá un cambio nas tarefas propostas, realizado a través da implementación dunha metodoloxía innovadora na que os contidos sexan entendidos coma coñecementos que debemos aplicar na práctica. Así pois, potenciaremos unha aprendizaxe competencial baseada no saber facer. Promovemos, pois, unha metodoloxía activa e participativa na que haxa espazo para o traballo cooperativo mais tamén para o desenvolvemento individual, achegándonos, ademais, a un enfoque multidisciplinar da materia.

Noutra orde de cousas, é importante salientarmos que estamos programando para un alumnado en plena etapa adolescente, arredor dos 15-16 anos. Situámonos, pois, en plena fase do período das operacións formais, segundo as etapas de desenvolvemento cognitivo postuladas por Piaget. Así pois, este é o derradeiro chanzo no paso á vida adulta, e nel achegámonos xa á formulación de hipóteses e á comprensión do abstracto. Así mesmo, neste proceso é importante a interacción social, fundamentais, para Vigotsky, de cara á aprendizaxe autónoma. Máis alá das particularidades propias deste período vital, debemos de contemplar as circunstancias actuais que rodean esta fase evolutiva, como foron o confinamento e a pandemia por mor da COVID-19. Isto supuxo que a experiencia da adolescencia se vira limitada para este alumnado, podendo aparecer eivas no desenvolvemento das súas relacións sociais. Asemade, estes contextos comportaron unha maior dixitalización, isto é, centralizándose aínda máis o uso dos medios de comunicación e das TICs entre o noso alumnado.

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire unha relevancia maior. Por iso, a nosa actuación basearase nas seguintes ideas e estratexias metodolóxicas:

- No traballo de aula o docente propón dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.
- Nalgúns aspectos da área o traballo en grupo mediante a colaboración achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.
- Partindo dos coñecementos previos cos que xa conta o alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Para levarmos isto a cabo, é preciso establecer unha serie de técnicas. O seu propósito é que o alumnado desenvolva as competencias no proceso de ensino-aprendizaxe, aproveitando os recursos achegados. Por iso, empregaremos métodos de razoamento dedutivos; así como intuitivos e de asimilación analítica que permitan partir da experiencia do alumnado, seguindo os postulados da maiéutica socrática, achegándonos do concreto ao abstracto. Xa que logo, implementaremos técnicas coma o debate e a tertulia, a posta en común, a explicación oral, a autorreflexión e a aprendizaxe a través do propio erro. A maiores, unha técnica moi empregada será a da titoría entre iguais, na que o alumnado se axuda entre si e guía o proceso dos/as demais. Esta metodoloxía permitirá estimular e motivar ao noso alumnado e mellorar tamén as súas relacións. Canto á forma de participación no coñecemento, partiremos dunha perspectiva

heurística, moi relevante no ensino das linguas ao incitar á comprensión, á actividade propia e á experiencia. Do mesmo xeito, procuraremos unha actitude activa do noso estudiantado, sendo a docente dinamizadora de cara a unha agrupación globalizada das aprendizaxes. Amais disto, debemos de ter en conta a diversidade da nosa aula, á que atenderemos no apartado 6.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual da materia
Libro de texto Latín 4º ESO Código Abierto Ed. Casals (que servirá como guía e apoio da aprendizaxe, aínda que non suporá un seguimento total dos seus contidos)
Bolígrafos de 2 cores distintas
Caderno do alumnado
Outros materiais audiovisuais e analóxicos, así como as propias creacións do alumnado

No tocante aos recursos materiais, falamos dos analóxicos e dos dixitais. Nos primeiros, empregaremos a lexicografía como fonte de consulta, así coma outros recursos da biblioteca. Ademais, cada discente deberá de posuír un caderno e dous bolígrafos de cores distintas, para resaltar informacións clave; así como un cartafol no que gardar as fichas proporcionadas. Tanto o caderno coma o cartafol poderán ser compartidos con outras materias, sempre que o alumno/a distribúa os materiais sen confusións e/ou extravíos.

No relativo aos dixitais, o uso das TIC será básico e constante, pois partimos do feito de que nos ubicamos nun centro con aulas Abalar. Neste senso, empregaremos plataformas como a web do centro para a comunicación coas familias mais, sobre todo, cómpre destacar o traballo coa aula virtual, onde compartiremos informacións e recursos para desenvolvermos esta proposta didáctica, polo que será unha guía deste proceso educativo. No caso deste nivel de 4º da ESO, esta aula virtual será a da plataforma Moodle. Ademais, as TIC e as TAC tamén nos permiten integrar a diversidade na práctica de aula, pois serán clave para as tarefas de recuperación e reforzo. Amais disto, empregaremos esta ferramenta para consultar dicionarios e outras fontes na web. Amais, o emprego destes recursos permitiranos desenvolver metodoloxías baseadas na gamificación e na motivación. Canto aos recursos organizativos, o espazo habitual de traballo será o da aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permitiranos coñecer o grao de desenvolvemento do noso alumnado con respecto ás aprendizaxes da materia. Así e todo, debemos de ter en conta que esta materia de Latín comeza a súa docencia neste curso de 4º da ESO, polo que debemos de partir, mais que dos coñecementos curriculares que o alumnado traia adquiridos de cursos anteriores, do seu propio coñecemento previo sobre a lingua, historia e cultura latinas. Así e todo, algúns destes saberes traeranos xa adquiridos a través doutras materias cursadas previamente, como a Lingua Galega e Literatura ou a Xeografía e a Historia. Para levar a cabo esta avaliación inicial estableceremos uns mínimos tendo en conta os criterios deste curso e as aprendizaxes que poderían traer xa os discentes derivadas do anteriormente indicado. Partindo destes mínimos,

elaboramos unha rúbrica na que atendemos ao grao de desenvolvemento de cada un deles para cada alumno/a, de maneira que coñezamos aqueles aspectos a reforzar ou potenciar en cada caso.

Unha vez realizada a avaliación inicial e cotexados os resultados, informarase ás familias sempre que se considere necesario, en especial de considerarse conveniente a realización de apoios e adaptacións curriculares. Así e todo, esta proba é un mero indicador de nivel básico para a profesora; non se lle devolverá ao alumnado dado que non ten unha cualificación en si, nin tampouco terá repercusións na cualificación trimestral, mais si servirá para evidenciar as necesidades do alumnado de cara ao curso 2023/24 na nosa materia, de maneira que as poidamos atender do mellor xeito posible. O resultado desta proba porase de manifesto na reunión da avaliación da xunta de profesores do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación será numérica (de 0 a 10 puntos) e responderá ás seguintes porcentaxes:

- Exames (instrumento de avaliación: probas escritas): 50% . Farase un exame por avaliación.
- Outros produtos (instrumento de avaliación: táboa de indicadores): 50%. Baixo esta denominación incluímos dous procedementos diferenciados:
 - Traballos propostos ao longo do trimestre: 30%.
 - Observación: 20%. Para a valoración do traballo na aula, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara a materia, o grupo e a profesora.

Outros aspectos:

- O alumno que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota
- Redondeos. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9 asimilarse ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación, 5,9 un 6, etc.) Considerase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
- A cualificación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, co redondeo

correspondente.

Criterios de recuperación:

Haberá unha proba final escrita sobre os contidos e competencias das avaliacións en cuestión, se ben a profesora poderá realizar unha recuperación por avaliación, de consideralo necesario. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial.

A avaliación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, aplicándolle o redondeo que figura na Programación. A cualificación do alumnado con unha ou dúas avaliacións pendentes, tras os correspondentes procesos de recuperación, fará media coa(s) avaliación(s) aprobadas. Aos alumnos coas tres avaliacións suspensas, faráselles un exame global de contidos e a nota final será a obtida nesa única proba escrita que reunirá toda a materia do curso. Esta proba de xuño será cualificada de 1 a 10. O redondeo aplicable será o mesmo que o establecido nos criterios de cualificación. Para superar a materia o alumno/a deberá alcanzar como mínimo un 5 .

6. Medidas de atención á diversidade

Amais dos diferentes aspectos que vimos comentando, é importante termos en conta a diversidade existente na nosa aula. Por iso, as actuacións que realizaremos nesta dirección contémpanse ao abeiro da Orde do 8 de setembro de 2021, onde se nos indica que un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade pasa pola atención ás casuísticas persoais e sociais de cada discente, adaptándonos medidas e recursos precisos para a súa integración e inclusión. É por iso que aplicaremos a metodoloxía DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe), baseada nunha aprendizaxe válida para todas as persoas, convivindo coa diversidade intrínseca a cadaquén. Segundo isto, atendermos a un grupo-clase supón contemplar ao alumnado como individuos distintos que aprenden de maneira diferenciada, de maneira que abordemos o ensino-aprendizaxe desde diferentes perspectivas. Isto suporá tamén que a nosa aula sexa un espazo no que a diversidade estea normalizada, de maneira que a súa atención guíe o desenvolvemento da práctica docente e non se contemple de xeito aillado. Tamén aquí haberá un importante oco para a acción e a expresión; así como para a motivación, que representa o por que da aprendizaxe, propoñéndoa coma un xogo que promova a positividade e a vontade de mellorar.

Así pois, a fin de acadar a inclusión da diversidade total da nosa aula, a dita Orde do 8 de setembro de 2021 amosa a necesidade dun profesorado que pense e viva a escola desde a mente de cada alumna e de cada alumno. É dicir, a docente ha de achegarse á diversidade do seu alumnado para identificar as súas necesidades, intereses e obxectivos, tratando de atenderlo a través do emprego de diferentes metodoloxías que permitan a integración de todos e todas no grupo-clase. Neste senso, tamén potenciaremos a educación emocional do noso alumnado traballando para e desde as emocións, moi importantes neste proceso de transición cara á vida adulta. Do mesmo xeito, fomentaremos as chamadas intelixencias múltiples, formuladas por Gardner, de maneira que trataremos de equilibrar a práctica docente atendendo ás diferentes formas de adquirir coñecementos e habilidades; e poñendo especial atención no apoio a través de materiais visuais. Ademais, nesta atención á diversidade debemos de contemplar o contexto social no que nos inserimos, que amosa a necesidade de incluír as TICs como ferramenta e como recurso, tendo en conta o noso alumnado, como indicamos antes. Por outra parte, nos Principios de actuación, recóllese a idea de que o profesorado da materia, como

é o noso caso, deberá colaborar co titor/a e co departamento de orientación nesta atención á diversidade a través de estratexias que promovan a inclusión, o traballo en equipo e o respecto, entre outras. O coñecemento da diversidade da nosa aula comezará xa a través da avaliación inicial e o estudo dos seus resultados, aínda que será un proceso que desenvolvamos tamén ao longo de todo o curso.

Con obxecto de atender adecuadamente á diversidade, levaranse a cabo diversas medidas, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Medidas organizativas.
- Apoios e reforzos.

Estas serán obxecto de coordinación co Departamento de Orientación unha vez que se identifiquen e valoren as necesidades específicas de apoio educativo derivadas de problemas de aprendizaxe, discapacidade ou trastorno de conduta, altas capacidades ou incorporación serodia, ou por requirir dun programa específico para adquirir a lingua de acollida, ou superar as carencias sobre as competencias básicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Competencia lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Paz e valores democráticos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Competencia lectora	X

	UD 9
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos	X
ET.12 - Paz e valores democráticos	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Realizaranse as saídas oportunas segundo a oferta e/ou aceptación.			

Observacións:

Intentarase levar a cabo unha saída para asistir á representación de obras clásicas, preferentemente en Lugo, para aproveitar a herdanza romana da cidade, dependendo do número de alumnado e do mínimo establecido para poder realizalas (na PXA do instituto). As actividades a realizar estarán suxeitas tamén á súa aceptación ou á oferta doutras novas de interese educativo. De realizárense, recolleranse todas na Memoria final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?

Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado?
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?
Coméntanse co alumnado os fallos máis significativos das probas/exames, etc?
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?

Descrición:

No proceso de avaliación, contemplaremos tamén a da propia práctica docente, tal e como se establece na Orde do 25 de xaneiro de 2022. Do mesmo xeito, tamén será preciso cualificala ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Desenvolveremos estas avaliacións a través dunha serie de indicadores de logro (reproducidos arriba) que incluiremos nunha rúbrica. Así pois, no tocante ó rol docente avaliaremos cuestións en relación coa súa práctica ao longo do curso e o seu rol no proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao abeiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022 contemplamos tamén o seguimento, avaliación e as propostas de mellora da programación. Por iso, ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe iremos comprobando o desenvolvemento dunha serie de indicadores de logro recollidos nunha rúbrica de avaliación na que atenderemos á secuenciación e temporalización, recursos, metodoloxías, resultados, etc. Para estas avaliacións empregaremos procedementos e instrumentos como de medición, como son as listas de control sobre a secuenciación e temporalización; ou de observación, a través do seguimento e reorganización da programación por parte da docente. Esta revisión realizarase trimestralmente, logo de cada sesión de avaliación e a partir dos datos obxectivos e cuantificables, analizando a marcha da Programación Didáctica, as dificultades observadas, a adecuación das tarefas, os enfoques metodolóxicos, as aprendizaxes imprescindibles, os instrumentos de avaliación... permitindo así con todos estes datos unha correcta valoración do axuste entre o deseño, o desenvolvemento e os resultados. A partir de aí, adoptaremos as medidas correctoras que se estimen como posibles

solucións dependendo do tipo de problema.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5:

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na última acta do departamento recolléranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

9. Outros apartados